

BERSERKER

[Pablo Hernando, 2015]

TRES ÚNICOS PASES EN NUMAX: 11, 12, 13 de decembro | V.O.

Berserker (2015, 101’)
Dirección: Pablo Hernando
Guión: Pablo Hernando
Elenco: Julián Génisson, Ingrid García Jonsson, Vicenç Miralles, Chema Adeva, Lorena Iglesias, Rocío León, Miguel Esteban, Patricia García Mémdez, Elena Serrano
Son: Luis García Luque, Raúl Barrantes
Montaxe: Pablo Hernando
Fotografía: Pablo Hernando
Música: Aaron Rux, Paco Alcázar
Dirección de arte: Andrea Morán, Dídac Alcaraz, Míreia Pérez
Distribuidora: Pablo Hernando (España)
Formato de proxección: DCP2K, 1.78:1
Idioma orixinal: Español

FILMOGRAFÍA

Salió con prisa hacia la montaña, 2017 [curtametraxe]
Esa sensación, 2016 [con Juan Cavestany e Julián Génisson]
Magia, 2013 [curtametraxe]
Cabás, 2012
Agustín del futuro, 2011 [curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Sevilla 2015 (Premio Especial Nuevas Olas)

SINOPSE

Unha cabeza humana pegada ao volante dun coche. Este é o fio do que empeza a tirar o taciturno escritor trintañeiro Hugo Vartán. Unha misteriosa cadea de mortes e desaparicións tras as que se perderá, a modo de *Se ha escrito un crimen* en versión *mumblecore*, cal Dashiell Hammett posterise, compartindo piso e vivindo a base de patacas, café e cigarros.

«Unha viaxe a Ítaca na que, como nos advertíu Cavafis, o de menos é a meta; o de máis, a propia viaxe»

Gerard Alonso i Cassadó, FOTOGRAMAS



OS OLLOS VERDES

BERSERKER

[Pablo Hernando, 2015]

O CINEMA
INÉDITO
DE NUMAX

“Os meus filmes tratan do medo a certos aspectos dun mesmo”

Entrevista con Pablo Hernando

Por John Tones

***Berserker* volve ser un filme completamente autoproducido. Ese sistema é froito da necesidade ou hai algo de militancia?** Non meu caso non hai nada de militancia. Non me gusta rodar sen diñeiro, ou co pouco diñeiro que conseguín xuntar para facer *Berserker*, pero non me quedou outra. Gustaríame rodar con máis orzamento, pagar a todo o mundo e deixar de abusar da xenerosidade dos meus amigos.

En *Berserker* acentúas os compoñentes do cinema de xénero que xa asomaban en *Cabás*, de tal xeito que aínda sendo moi persoal entra nos terreos do thriller. A idea da que nace *Berserker* é un desbordamento dalgúns códigos dos filmes de detectives. Era consciente de que cos medios que tiña a película non podía ter o acabado estético dun thriller convencional, así que o interese estaba

en introducir unha trama detectivesca dentro dun filme relativamente costumista e de luz tristonra e ver que consecuencias tiña iso. O que saíu é a historia dun tipo que se ten en moi alta estima e que acaba decatándose de que igual a súa vida non vai ben pola súa culpa. Iso é o que máis me interesaba contar e nesa caste de historia a estética austera e o gotelé xogan ao teu favor.

Hai certas constantes que se repiten nas túas personaxes e se cadra unha das máis particulares é a incapacidade dos teus protagonistas para teren relacións estábeis e normais, tanto sentimentais como con xente máis ou menos próxima. En *Cabás* (2012) o prota ía afundíndose nun soño e remata sendo un personaxe solitario mais co que é doado empatizar. En *Berserker* o protagonista comeza como un solitario algo repelente. En ambos casos precisaba que os personaxes fosen desa maneira para que as historias tivesen o sentido que quería darlles. Ademais, os dous filmes tratan medos internos, medo a certos aspectos dun mesmo, e supoño que por iso a tendencia á introspección era inevitábel. Gustaríame facer un filme máis coral, sen un único protagonista, aínda que seguro que me volven saír tarados.



BERSERKER

[Pablo Hernando, 2015]

SOBRE O DIRECTOR

PABLO HERNANDO (Vitoria-Gasteiz, 1986) licenciase en Comunicación Audiovisual e comeza a traballar en publicidade mentres realiza os seus propios proxectos de ficción, entre os que se atopan as curtametraxes *Azules*, *Hoy se sale*, *Efecto Kuleshov: Segundo experimento*, *Registro de Walter Corman*, *Metro* e a webserie *Menestra Pimpollo*. En 2011 escribe e dirixe *Agustín del futuro*, curtametraxe que ten unha boa acollida e se proxecta en Sitges. Tras debutar na longametraxe coa intimista *Cabás*, asina *Berserker*, a obra coa que se consolida como autor de referencia do cinema independente español e que acada o Premio Especial Nuevas Olas no Festival de Sevilla. En 2016, participa canda Juan Cavestany e Julián Génisson (protagonista de *Berserker*) no filme colectivo *Esa sensación*, que se puido ver na súa estrea no Cinema NUMAX.

OS FILMES DE PABLO HERNANDO

Parque Jurásico (Steven Spielberg, 1993)
Playtime (Jacques Tati, 1967)
Callejón sin salida (Roman Polanski, 1966)
Un condenado a muerte se ha escapado (Robert Bresson, 1956)
Despertar en el infierno (Ted Kotcheff, 1971)
Puro vicio (Paul Thomas Anderson, 2014)
Círculo rojo (Jean Pierre Melville, 1970)
Superfumados (David Gordon Green, 2008)
Marcado para matar (Seijun Suzuki, 1967)
World of Tomorrow (Don Hertzfeldt, 2017)
La posesión (Andrzej Zulawski, 1981)
Punto límite: cero (Richard C. Sarafian, 1971)
Enter The Void (Gaspar Noé, 2009)
Judex (Georges Franju, 1963)
The Knick (Steven Soderbergh, 2014) [TV]
Zodiac (David Fincher)
Las diabólicas (Henri-Georges Clouzot, 1955)
Persona (Ingmar Bergman, 1966)
El espejo (Andrei Tarkovsky, 1975)
Gente en sitios (Juan Cavestany, 2014)
El beso mortal (Robert Aldrich, 1955)
Heart of a Dog (Laurie Anderson, 2015)
La carta que nunca fue enviada (Mikhail Kalatozov, 1959)
Los sobornados (Fritz Lang, 1953)
Los Angeles Plays Itself (Thom Andersen, 2003)
El reportero: la leyenda de Ron Burgundy (Adam McKay, 2004)
La evasión (Jacques Becker, 1960)



En *Berserker* o reparto é moito máis nutrido ca en *Cabás*, e ademais prescindes de actores non profesionais para te centrar en actores novos pero con máis traxectoria. Como foi esta levisima profesionalización? Coa maioría dos actores xa tiña feito cousas antes e o resto eran amigos ou coñecidos, así que tampouco notei tanto cambio. Os dous únicos actores aos que non coñecía en persoa eran Chema Adeva, co que contactei a través de Juan Cavestany, e Ingrid García Jonsson.

Escribiches todos os papeis con eles na mente ou nalgún caso houbo transformacións posteriores? Eses dous tamén foron os únicos papeis para os que non tiña a ninguén en mente ao escribir o guión. O de Ingrid é o máis importante. Fai de compañeira de piso do protagonista e dá unha perspectiva sensata de todo o que fai el. Non houbo que reescribir nada, mais tanto Ingrid como Julián tiñan liberdade para facer o texto seu e poder dicir esencialmente o mesmo mais dun xeito que lles resultase máis natural. Hai un par de escenas nas que Julián mudou todas as frases e quedaron moito mellor que como as tiña escrito eu.

Que achega Julián ao personaxe? Julián é moi carismático, a persoa máis intelixente que coñezo e firme candidato ao ser humano máis divertido de España. Ese carisma vén moi ben ao principio do filme, cando lle estás a pedir ao espectador que siga a un personaxe que non é moi simpático. E aínda que ao comezo a algúns persoas lles pareza un pouco

estirado, en realidade é unha persoa bastante fráxil, algo que creo que tamén lle pasa a Julián.

O sentido de humor de *Berserker* é tan peculiar e persoal como o de *Cabás* e o das túas curtas. Cales son as túas influenzas de onde bebe o teu sentido do humor? Gústanme moitos estilos de comedia pero non me atrevería a dicir cales son os que me influenciaron por que non o sei. Por exemplo gústame moitísimo Louis CK pero evidentemente o que eu fago non se parece ao que fai el. Tim & Eric parécenme insuperábeis e os meus chistes non teñen nada que ver co seu estilo.

Publicado en: <https://www.caninomag.es/>

5 razóns e un spoiler para ver Berserker

Por Daniel de Partearroyo

1. O crecemento do seu director Logo de curtas como *Agustín del futuro*, Pablo Hernando debutou coa longa introspectiva *Cabás*. Desde entón, a máis ambiciosa *Berserker* amosa unha evolución e un reforzamento da súa habilidade narrativa achegándoa ao terreo do thriller e a ciencia ficción. Unha progresión da que paga a pena ser testemuñas.



2. O talento do seu reparto Julián Génisson (*La tumba de Bruce Lee*, 2013) é o protagonista, case como unha prolongación das súas creacións dentro do colectivo Canódromo Abandonado. Interpreta a un escritor que, fascinado polo misterioso brote de violencia asasina da irmá do noivo da súa compañeira de piso (Ingrid García Jonsson) e, ante todo, pola inminente data de entrega do seu vindeiro libro, decide investigar pola súa conta o caso para escribir sobre el. Polo camiño topará con secundarios pulcramente apropiados por Rocío León, Lorena Iglesias, Xabi Tolosa ou Vicenç Miralles.

3. A súa ambientación peculiar O que máis pode chamar a atención de *Berserker* é a súa ambientación case permanente en interiores desaxelados de pisos de aluguer, cando non descampados da serra ou de programas de actuación urbanística desamparados das aforas. Unha ambientación sombría que non é nada casual —o filme rodouse sen medios, en casas de amigos— e serve como retrato xeracional de ida e volta: para as ansiedades de fracaso vital do seu protagonista e para o estado precario pero resolutivo do cinema independente no noso país.

4. O seu emprego do misterio Como xa ocorría en *Cabás*, en *Berserker* ten bastante importancia a xestión da información que recibe o espectador, repartida por medio de pímulas que son practicamente cápsulas sensoriais. Aí xoga un gran papel a banda sonora de Aaron Rux, pero tamén a construción inmersiva

de determinadas secuencias, como unha viaxe en coche por autoestrada con voz en off de Lorena Iglesias que non desmerecería nas listaxes audiovisuais que se soen facer por estas datas.


5. A aposta de futuro Até cinco membros do equipo artístico de *Berserker* estaban incluídos na reportaxe de 20 talentos para 2020 que se fixo con motivo do 20 aniversario de Cinemania. Eles xa demostraron que non fai falla agardar un lustro para velos en plano apoxeo das súas facultades.

Spoiler Hai quen di que *Zodiac* (David Fincher, 2007) exemplificaba de forma contundente a imposibilidade de coñecemento da realidade mediante a súa investigación infrutuosa. Para min, esa honra debера concedérselle a *Berserker*, que consegue expresalo sen requirir tanta andamiaxe formal nin seguimento de códigos hollywoodenses, senón cunha construción cotiá dos acontecementos próxima á cercanía material dun Jean-Claude Brisseau en *La fille de nulle part* (2012) ou á sinxeleza xuvenil de Aaron Katz en *Cold Weather* (2010). En resumo: a xente normal e corrente, polo xeral, deixa de meter o fociño en asuntos tenebrosos en canto (cren que) a súa vida corre perigo.

Publicado en <http://cinemania.elmundo.es/>
Traducións: Xan Gómez Viñas

OS OLLOS VERDES

● CINEMA INÉDITO DE NUMAX



«Os ollos verdes. O cinema inédito de NUMAX» presenta cada mes e en exclusiva filmes cun destacado percorrido en festivais internacionais que nin foron estreados, nin teñen prevista a súa proxección en salas comerciais en España.

Ademais, **se estudas na USC**, podes obter **1 crédito ECTS** pola asistencia ás sesións! As persoas inscritas na actividade terán que asistir a 12 ou máis proxeccións durante o curso académico entre os meses de outubro e xuño (incluídos) e elaborar algún contido específico, cunha extensión mínima de 5.000 caracteres, que teña relación con calquera aspecto do programa. Máis info en www.numax.org, [org](mailto:comunicacion@numax.org) ou en comunicacion@numax.org.

★
EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org